

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 10 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 14 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para o ano 2019, tramitadas como expediente anticipado de gasto (código de procedemento MT975I).

Por Orde do 14 de decembro de 2018 (DOG núm. 246, do 27 de decembro) a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo públicas as bases reguladoras para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Segundo o establecido no artigo 26 das citadas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas ao abeiro da orde antes referida, expresando a convocatoria, programa e aplicación orzamentaria a que se imputen, os beneficiarios, as cantidades concedidas e a finalidade da subvención.

Convén sinalar que estas subvencións están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ao abeiro do disposto no Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se deroga o Regulamento (CE) número 1083/2006 do Consello.

CVE-DOG: h6sewig4-kk85-ocel1-wo5-rbzm4levcp3



As actuacións subvencionables están incluídas no eixe prioritario 6: conservar e protexer o medio e promover a eficiencia dos recursos; prioridade de investimento 6.1: o investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para dar resposta ás necesidades identificadas polos Estados membros; obxectivo específico 6.1.1: desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos incluíndo accións de peche de ciclo; considerando tanto os plans de xestión como os investimentos en infraestruturas; actuación 6.1.1.3: financiamento para o fomento de actuacións que contribúan ao desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG 2010-2022).

En consecuencia,

RESOLVO:

Publicar as axudas que se relacionan na táboa que se anexa, concedidas ao abeiro do seguinte:

a) Normas reguladoras da convocatoria:

- Orde do 14 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2019, tramitadas como expediente anticipado de gasto (código de procedemento MT975I) (DOG número 246, do 27 de decembro de 2018).

- Orde do 28 de outubro de 2019 pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 14 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para o ano 2019 (*Diario oficial de Galicia* número 246, do 27 de decembro).

b) Aplicación orzamentaria: 07.02.541D.760.1.

c) Finalidade da axuda: o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal.



d) Destinatarios: entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lle correspondan en materia de xestión de residuos.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2020

María Cruz Ferreira Costa
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

ANEXO
Beneficiarios

Expediente	Solicitante	Actuación	NIF	Total gastos subvencionables	% Axuda solicitada	Axuda resultante
EELL 1/2019	Mancomunidade Interm. Voluntaria do Ribeiro	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3200021H	87.000,00 €	68,97	60.000,00 €
EELL 2/2019	Concello de Carballeda de Avia	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3201900B	50.850,00 €	78,66	40.000,00 €
EELL 4/2019	Concello de Vilaboa	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3605800F	28.960,55 €	80,00	23.168,44 €
EELL 5/2019	Mancomunidade Terra de Celanova	Adquisición de puntos limpos móbiles	P8202502D	46.587,13 €	80,00	37.269,70 €
EELL 6/2019	Concello de Barreiros	Adquisición de puntos limpos móbiles	P2700500H	59.175,37 €	67,60	40.000,00 €
EELL 7/2019	Concello de Pobra de Brollón	Adquisición de puntos limpos móbiles	P2704700J	12.090,47 €	80,00	9.672,38 €
EELL 8/2019	Concello de Portomarín	Adquisición de puntos limpos móbiles	P2704900F	35.937,00 €	80,00	28.749,60 €
EELL 9/2019	Concello de Santa Comba	Adquisición de puntos limpos móbiles	P1507800I	49.875,00 €	80,00	39.900,00 €
EELL 11/2019	Agrupación Voluntaria Monterrei-Cualedro	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3205100E/ P3202900A	17.530,50 €	80,00	14.024,40 €
EELL 12/2019	Concello de Vimianzo	Adquisición de puntos limpos móbiles	P1509300H	39.598,00 €	79,99	31.674,44 €
EELL 13/2019	Concello de Vimianzo	Proxecto de recollida de fracción orgánica	P1509300H	33.400,00 €	79,99	26.716,66 €

CVE-DOG: h6sewig4-kk85-ocel1-wo5-rbzm4levcp3



Expediente	Solicitante	Actuación	NIF	Total gastos subvencionables	% Axuda solicitada	Axuda resultante
EELL 14/2019	Concello de Vilardevós	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3209200I	17.237,90 €	80,00	13.790,32 €
EELL 15/2019	Concello de Cambados	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3600600E	36.127,39 €	80,00	28.901,91 €
EELL 17/2019	Concello de Soutomaior	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3605300G	28.960,55 €	80,00	23.168,44 €
EELL 19/2019	Deputación Provincial de Ourense	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3200000B	80.000,00 €	50,00	40.000,00 €
EELL 20/2019	Deputación Provincial de Ourense	Proxecto de recollida de fracción orgánica	P3200000B	27.680,00 €	50,00	13.840,00 €
EELL 21/2019	Consortio As Mariñas	Adquisición de puntos limpos móbiles	P1500011J	35.970,30 €	80,00	28.776,24 €
EELL 22/2019	Concello de Xermade	Proxecto de recollida de fracción orgánica	P2702100E	41.029,41 €	79,99	32.819,43 €
EELL 23/2019	Concello de Tomiño	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3605400E	28.904,77 €	80,00	23.123,82 €
EELL 24/2019	Concello de Outeiro de Rei	Proxecto de recollida de fracción orgánica	P2703900G	31.617,30 €	80,00	25.293,84 €
EELL 25/2019	Agrupación Voluntaria Vilasantar-Boimorto	Adquisición de puntos limpos móbiles	P1509100B/ P1501000B	39.600,00 €	80,00	31.680,00 €
EELL 27/2019	Concello de Vilar de Santos	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3209100A	10.634,69 €	80,00	8.507,75 €
EELL 28/2019	Concello da Mezquita	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3204900I	8.699,90 €	80,00	6.959,92 €
EELL 29/2019	Concello de Rianxo	Adquisición de puntos limpos móbiles	P1507300J	49.610,00 €	79,00	39.191,90 €
EELL 30/2019	Concello de Porto do Son	Adquisición de puntos limpos móbiles	P1507200B	9.626,76 €	80,00	7.701,41 €
EELL 31/2019	Concello de Mondariz Balneario	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3603100C	9.658,76 €	80,00	7.727,01 €



Expediente	Solicitante	Actuación	NIF	Total gastos subvencionables	% Axuda solicitada	Axuda resultante
EELL 32/2019	Concello da Laracha	Proxecto de recollida de fracción orgánica	P1504200E	48.194,30 €	80,00	38.555,44 €
EELL 33/2019	Concello de Sanxenxo	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3605100A	40.000,18 €	80,00	32.000,14 €
EELL 34/2019	Concello de Carballo	Proxecto de recollida de fracción orgánica	P1501900C	49.903,49 €	80,00	39.922,79 €
EELL 35/2019	Concello de Ribadumia	Adquisición de puntos limpos móbiles	P3604600A	38.824,50 €	80,00	31.059,60 €

